Patrimonio cultural

O Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego visitará esta parroquia cruceña para que as veciñas de máis idade aporten detalles sobre os pasatempos infantís que describe Xosé Neira Vilas nos seus libros

Gres fai memoria para recuperar os xoguetes de Balbino

SALOMÉ SOUTELO
Vila de Cruces

Entre as ducias de eventos que en 2027 van rendir homenaxe a Xosé Neira Vilas como autor escollido para o Día das Letras Galegas figura un proxecto do Observatorio do Patrimonio Lúdico Galego. Será un libro no que se recollan detalles dos xogos e xoguetes que menciona o escritor de Gres en boa parte da súa obra literaria. Son detalles que van facilitar os veciños e veciñas de Gres, a parroquia onde naceu e a onde regresou trala emigración en Cuba e Bos Aires, pero tamén haberá información da veciñanza da aldea de Camanzo e do municipio de Boqueixón, ao outro lado do Ulla. A ronda de contactos comeza este martes, día 17, con Ofelia Otero e as súas súas compañeiras de partida de cartas. Ofelia Otero cumprirá nos vindeiros días 93 anos, e mantivo unha grande amizade con Neira Vilas e a súa dona, Anisia Miranda.

A idea de recompilar entre os cruceños da ribeira do Ulla como eran os xoguetes de fai case un século xurdiulle a Xosé López González, membro do citado observatorio, despois de ler máis de 20 libros de Neira Vilas. «Agás en contadas obras, como *Castelao en Cuba*, por exemplo, Neira Vilas sempre menciona a súa infancia», e tívoa ainda máis presente durante a súa etapa en América, indica López. Con todas as aportacións que faga a veciñanza poderá elaborarse un libro, que se sumará a outros catro en torno aos xoguetes tradicionais e que xa ten avance nun dosier dispoñible na web do observatorio.

Esta entidade ten tamén un labor de difusión nos centros educativos. Xunto a Xosé Manuel García, Xosé López leva uns 30 anos investigando os materiais e os métodos e elaboración dos xoguetes tradicionais. Para isto, e tendo en conta que boa parte da infancia e adolescencia actual perdeu o contacto coa natureza e dispón de menos habilidade manual para construir os seus propios xoguetes, «facilitámoslle información de, por exemplo, que árboles e plantas nos poden proporcionar cousas segundo a época do ano, ou como se pode empregar a terra tamén para xogar». Non era mala idea que estes xogos e xoguetes tradicionais formasen parte das actividades extraescolares ou da propia oferta educativa do centro, como unha maneira de que ese legado inmaterial se transmitise á poboación máis nova. Alomenos, con obradoiros como o que tivo lugar este verán no Cebreiro, ou esta mesma semana no instituto Ricardo Mella, en Lavadores (Vigo), permitíronlles aos participantes converter cachiños de madeira en pequenos arados, grades ou frautas, e tamén elaborar gorros con follas de distintas especies.



Obradoiro no Cebreiro, este verán, sobre xoguetes tradicionais.

O mesmo xoguete aos dous lados do Atlántico

Ao preguntarlle a Xosé López se Neira Vilas recolleu algún xoguete tradicional de América, indica que menciona un de Arxentina, «la taba, no que se empregan astrágalos», un óso que forma parte da articulación entre a pata e o pé das vacas. Este xogo xa se practicaba en Roma e Grecia, e segue vivo en Arxentina. O xogo consiste en lanzar o óso (cuberto ás veces cunha placa de bronce para que dure máis) ao chan intentando que caia dunha maneira determinada. ■



